

Bouvard e Pécuchet

Crítica arbitraria de libros e outros obxectos impresos

© 2010-2015 Bouvard e Pécuchet

Crónica da fin dun século e do comezo doutro

Por Manuel Rodríguez Alonso

Columnas de papel 2

Xosé Vázquez Pintor

Morgante, Cangas do Morrazo 2014, 355 páxs.

Hai uns meses comentamos aquí *Columnas de papel 1*. Diciamos alí que este libro era un bo mangado de artigos xornalísticos de opinión que o autor reunía en libro e que nos ofrecían unha especie de crónica da década dos oitenta e mais dos comezos da década dos noventa do pasado século. Este volume 2 cumpre a mesma función, máis referido ao espazo da fin do século XX e mais do comezo deste século XXI.

Lendo estes artigos de Vázquez Pintor lembramos cousas que aconteceron hai pouco, mais que imos esquecendo e iso non convén. Así nos artigos dos noventa analiza o horror da guerra na antiga Iugoslavia ou os masacres de Ruanda. Iso no eido internacional. No máis próximo aparecen meditacións sobre o trinta aniversario do *Día das Letras Galegas* ou os longos anos do goberno de Fraga. Tamén homenaxea Vázquez Pintor persoas do contorno do autor, xente do común, como diría Blanco Amor, mais que lle transmitiron coñecementos e valores fundamentais. Non podían faltar os artigos dedicados á catástrofe do *Prestige*. Mesmo recupera o autor sintagmas hoxe esquecidos, mais que cómpre recuperar como ese *barón de los hilillos*, que todos sabemos quen é.

O autor levanta acta dunha Galicia rural e tradicional, que segue viva na súa memoria, mais que esmorece. Pola contra, o mundo globalizado que irrompe con forza nesta fin do século XX aparece con forza nos artigos que se refiren ao espallamentos dos ordenadores ou dos medios de comunicación de masas. Non faltan tampouco os artigos sobre a guerra de Iraq ou o *Non á guerra*.

En fin, como xa dixemos a propósito do primeiro volume, desfilan perante os nosos ollos os grandes asuntos das últimas décadas, tanto internacionais como galegos. O autor mantén no referente a Galicia e ao galego un optimismo moderado ou un pesimismo esperanzado. Así celebra que a *Festa das Letras* cumpra trinta anos, mais tamén sinala que moitas veces queda nun simple rito ou día sen traballo. Sobre a situación do galego, éncheo de orgullo que o usen algúns xuíces e fiscais ou que os alumnos e alumnas dos institutos amosen cara a el unha actitude moi positiva, mais tamén sinala complexos de inferioridade para non o usar en público algún adestrador galego de fútbol célebre co

gallo da vitoria na Copa do Rei ou a teima dalgúns políticos de falar de *La Coruña* no canto de *A Coruña*. Este ton de pesimismo esperanzado ou optimismo moderado é outro engado destes artigos.

Entre os artigos que máis me impresionaron está o que se refire ao instituto Santa Irene de Vigo. Na historia da educación en Galicia non se ten entrado no que supuxeron algúns institutos, daquela chamados de *Enseñanza Media*, na formación dos mozos do tardofranquismo, nos sesenta e mais nos comezos dos setenta. Algúns destes centros foron verdadeiros focos de renovación científica, pedagóxica e mesmo social na época. Entre eles está o Santa Irene. Quen iso escribe tivo a sorte de ser alumno deste centro no Bacharelato Superior e mais no Preuniversitario. Alí escoitou a Méndez Ferrín, aprendeu a pensar por si mesmo con Leónides de Carlos ou soubo o que era o estruturalismo e a técnica de traducir nas leccións da catedrática de grego Clementina González. Oíu falar de Camus, por exemplo, nas clases de francés de Luis Curiel. En fin, todos os que pasamos polos institutos do remate dos sesenta e comezos dos setenta non os esqueceremos. Despois, cando chegamos a facultades como a de Filosofía e Letras de Santiago, vimos que os institutos, coma o Santa Irene, xa nos formaran para toda a vida nos valores democráticos e progresistas. Non é nada estraño que a *Ley General de Educación*, a *LOGSE* e a *LOMCE* quixesen acabar co seu prestixio e expulsar o modelo de profesor-intelectual tipo Otero Pedrayo, Alonso Montero, Ferrín, De Carlos e non sei cantos máis. O poder prima agora os profesores-funcionarios-pseudopedagogos que, na linguaxe pseudoprogre, teñen que *ensinar cousas útiles para a vida e non aburrir, dar unha visión sempre positiva e non conflitiva da vida e do mundo...* Así, vólvense transcendentais en lingua tarefas como cubrir unha instancia ou parvadas así. En fin, algúns de nós somos o que somos e chegamos onde chegamos, provindo de clases populares e case analfabetas, grazas aos institutos como o Santa Irene e profesores e profesoras coma os citados, que tanto nos falaban de Castelao como de Joyce e que non ensinaban que o esforzo e o traballo persoal son fundamentais. Tamén que a amenidade e o gozo están irmandados co esforzo para aprender. Hai que recuperar este modelo de institutos e de profesores e profesoras, que nos trataban como adultos e non como adolescentes-nenos parvos que hai que protexer paterno-manternalmente da droga, do botellón, das lecturas e que ata non poden abandonar o recinto do instituto nos recreos.

Xa que logo, recomendo vivamente, como fixen co primeiro volume da serie, a lectura deste libro. Veremos como fomos nestes últimos trinta anos. Ademais, ollaremos Galicia, mais tamén o mundo desde Galicia e con ollos galegos. En definitiva, somos, con libros coma estes, galegos e cosmopolitas, malia o que digan os santóns do centralismo e do búnker xornalístico e mediático.

[Leave a comment](#)